

b) Contratista: deserto.

c) Importe ou canon de adxudicación. Importe neto: ... euros. IVE (%): ... euros. Importe total: ... euros.

Lugo, 30 de setembro de 2009.

Francisco J. Vilanova Fraga
Director xerente do Complexo Hospitalario Xeral-
Calde de Lugo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BECERREÁ

Anuncio.

No BOP de Lugo número 300, do 31 de decembro de 2008, publícanse integramente a convocatoria e as bases para a selección de persoal laboral fixo para dous postos de traballo de auxiliares de axuda no fogar no Concello de Becerreá, mediante oposición libre, aprobadas por resolución da Alcaldía do 9 de decembro de 2008. No BOP de Lugo número 208, do 10 de setembro de 2009, publícase a modificación parcial das bases referenciadas.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria faranse públicos no BOP de Lugo ou no taboleiro de anuncios do Concello.

Becerreá, 5 de outubro de 2009.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE BERGONDO

Edicto.

En cumprimento do disposto no punto 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente número 7/2009 que se tramita por instancia de Mª Angeles Conde Martínez, en representación de *Organizy Servicios de Investigación y Desarrollo, S.L.*, para a concesión de licenza de apertura e funcionamento de laboratorio químico, que se vai instalar na parcela R-1, nave 1, do polígono industrial de Bergondo, deste termo municipal.

Durante o prazo de vinte días contados a partir do seguinte ao da última publicación deste edicto no

BOP ou no DOG, o expediente atópase á disposición do público no Servizo de Urbanismo deste concello co fin de que quen se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que considere conveniente.

Bergondo, 19 de outubro de 2009.

Alejandra Pérez Máquez
Alcaldesa

CONCELLO DE DOZÓN

Edicto.

Avideza, S.C. solicitou desta alcaldía a licenza municipal para instalación de explotación avícola que se situará en Requeixo-Sixto. Cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Dozón, 30 de setembro de 2009.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE FERROL

Anuncio.

No BOP nº 190, do 28 de agosto de 2009, publicáronse as bases específicas da convocatoria para prover en propiedade unha praza de peón, rectificadas por Resolución do 30 de setembro de 2009 (BOP do 20 de outubro).

A presentación de solicitudes para participar nesta convocatoria farase no rexistro xeral do Concello de Ferrol, durante o prazo de vinte días naturais que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio desta convocatoria no BOE.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 21 de outubro de 2009.

Vicente Irisarri Castro
Alcalde